



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. José Antonio Rodríguez Vázquez  
D. José Pose Blanco  
D. José Angel Vázquez Barquero  
D. José Tojo Suárez  
D. Manuel González Piñeiro  
D. José Barreiro Somoza  
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
D. Xulio Pardellas de Blas  
D. Andrés Ramón Trillo García  
D. Xosé Luís Legido Soto  
Dª Mª Teresa Allut Roig  
D. Alberto Alonso Costas  
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela  
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira  
Dª Carmen Becerra Suárez  
D. José Chavete Rodríguez  
D. Alfonso Cid Sabucedo  
D. Antón Fernández Alvarez  
D. Manuel Fernández Areal  
Dª Esperanza Fernández Gómez  
D. Joel Fernández Soto  
D. José Mª Gil Villanueva  
D. José Antonio Gómez Barbeito  
D. Alejandro V. Gómez Soler  
Dª Laura González Novoa  
Dª Mª do Carmo Henriques Salido  
D. Juan Janeiro Vilaboa  
D. José Mira Penedo  
Dª Camino Noia Campos  
D. Guillermo de Oca Cancela  
D. Angel Pereira Díaz  
D. Cándido Pérez Betanzos  
D. Luis Pérez Gómez  
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor  
D. José A. Sampayo Fernández  
D. José Manuel Santos Suárez  
Dª Mª Teresa Viñas Gil  
Dª Asunción García Carro (UXT)  
D. José A. Veiro García (CC.OO.)  
D. Horario A. Villar Suárez (CIG)

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o dezasete de decembro de mil novecentos noventa e sete, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 17 de decembro de 1997**, ás 10.40 horas, celebrouse sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Asunto do Vicerrectorado de Profesorado: Modificación do perfil da praza 61/97, da área de Debuxo.
- 2º.- Asuntos de Xerencia: a) Aprobación, se procede, do acordo coa Xunta de Persoal Funcionario sobre: "RPT do persoal funcionario para 1997 e prazas comprometidas para 1998", "Plano de traballo sobre estrutura de Bibliotecas e Servicios periféricos", "Proposta de promoción profesional dos funcionarios", e "Productividade de funcionarios para 1998". b) Aprobación, se procede, de oferta de emprego de 1997 de funcionarios da escala de auxiliares da Universidade de Vigo de 26 prazas. c) Acumulación, á convocatoria de prazas selectivas para o ingreso á escala auxiliar da Universidade de Vigo do 1/8/97, de 26 prazas de conformidade coa base 1.1 da citada convocatoria. d) Delegación, se procede, no Xerente para propoñer ó Rector a convocatoria de "oposicións de promoción interna para os grupos D ó C, C ó B e B ó A" e de "probos de acceso á escala de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos", e f) Aprobación, se procede, da creación do posto de Secretario Técnico do Consello Social da Universidade de Vigo, como posto de persoal eventual, relación laboral de Alta Dirección.
- 3º.- Asuntos do Vicerrectorado de Ordenación Universitaria: a) Aprobación, se procede, de "Máster de Xestión e Dirección de Entidades Deportivas", "Curso de Postgrado de Mediación Financeira" e "Máster en Creación e Dirección de Empresas"; b) Aprobación, se procede, da creación dos Departamentos de Pintura, Escultura e Debuxo (na actualidade Dpto. H01 Expresión Artística); e c) Aprobación, se procede, da creación do Departamento de Máquinas e Motores Térmicos (na actualidade A590 do Dpto. T03 Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos).
- 4º.- Asuntos do Vicerrectorado de Investigación: aprobación, se procede, dos proxectos de: a) "Deseño e desenvolvemento dun sistema software para a xestión da produción científica desta Universidade baseado en tecnoloxías www" e b) "Animación fotorrealística do novo campus universitario de Vigo".

Preside a sesión o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actúa coma Secretario o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

O Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal explica, no **punto 1**, o problema do perfil da praza 61/97 da área 185 "Debuxo", onde figuraba "docencia en materias da área", cando no Consello de Departamento aprobábase "docencia en materias audiovisuais".

Apróbase o cambio de perfil.

No **punto 2** o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García, presenta os puntos a) Aprobación, se procede, do acordo coa Xunta de Persoal Funcionario sobre: "RPT do persoal funcionario para 1997 e prazas comprometidas para 1998", "Plano de traballo sobre estrutura de Bibliotecas e Servicios periféricos", "Proposta de promoción profesional dos funcionarios", e "Productividade de funcionarios para 1998". b) Aprobación, se procede, de oferta de emprego de 1997 de funcionarios da escala de auxiliares da Universidade de Vigo de 26 prazas. c) Acumulación, á convocatoria de prazas selectivas para o ingreso á escala auxiliar da Universidade de Vigo do 1/8/97, de 26 prazas de conformidade coa base 1.1 da citada convocatoria. d) Delegación, se procede, no Xerente para propoñer ó Rector a convocatoria de "oposicións de promoción interna para os grupos D ó C, C ó B e B ó A" e de "probos de acceso á escala de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos", e f) Aprobación, se procede, da creación do posto de Secretario Técnico do Consello Social da Universidade de Vigo, como posto de persoal eventual, relación laboral de Alta Dirección.

Neste punto intervén D. Horacio A. Villar Suárez indicando que é un punto demasiado extenso tal como se expón. A súa Sección Sindical está preocupada por estas cuestións. Pide, tal como se aprobou no Claustro Universitario, unha política de emprego estable.

D. Mariano Pérez-Martínez y Pérez-Amor non está de acordo coas prazas para os departamentos xa que esta non aumenta a relación cos actuais.

D<sup>a</sup> Laura González Novoa indica que debería exporse un debate sobre o modelo nas Bibliotecas, e D. Cándido Pérez Betanzos di que a RPT non acaba co emprego en precario.

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

-a favor:	27 votos
-en contra:	2 votos
-abstencións:	7

Apróbanse os asuntos de Xerencia:

- a) RPT do persoal funcionario para 1997 (anexo I) e prazas comprometidas para 1998 o Plano de traballo sobre estrutura de Bibliotecas e Servicios periféricos , a Proposta de promoción profesional dos funcionarios e a Productividade de funcionarios para 1998;
- b) a oferta de emprego de 1997 de funcionarios da escala de auxiliares da Universidade de Vigo de 26 prazas;
- c) a acumulación á convocatoria de prazas selectivas para o ingreso á escala auxiliar da Universidade de Vigo do 1/8/97, de 26 prazas de conformidade coa base 1.1 da citada convocatoria;
- d) a delegación no Xerente para propoñer ó Rector a convocatoria de oposicións de promoción interna para os grupos D ó C, C ó B e B ó A e de probos de acceso á escala de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos; e
- f) a creación do posto de Secretario Técnico do Consello Social da Universidade de Vigo, como posto de persoal eventual, relación laboral de Alta Dirección.

O Sr. Villar Suárez é contrario ó acordo tomado xa que non se axusta ó Regulamento do

Persoal de Administración e Servicios, PAS, aprobado no Claustro Universitario e que a CIG tomará os medios que estime oportunos para recorrer dito acordo.

Presenta o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Manuel González Piñeiro no **punto 3** da Orde do día, os Asuntos do Vicerrectorado de Ordenación Universitaria: a) Aprobación, se procede, de "Máster de Xestión e Dirección de Entidades Deportivas", "Curso de Postgrado de Mediación Financeira" e "Máster en Creación e Dirección de Empresas"; b) Aprobación, se procede, de creación dos Departamentos de Pintura, Escultura e Debuxo (na actualidade Dpto. H01 Expresión Artística); e c) Aprobación, se procede, da creación do Departamento de Máquinas e Motores Térmicos (na actualidade A590 do Dpto. T03 Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos).

Apróbanse por asentimento os puntos a), "Máster de Xestión e Dirección de Entidades Deportivas", "Curso de Postgrado de Mediación Financeira" e "Máster en Creación e Dirección de Empresas" (anexo II) e b) Creación dos Departamentos de Pintura, Escultura e Debuxo (anexo III).

No apartado c), o Vicerrector indica que as áreas que quedan ó separarse non cumpren os requisitos para formar departamento.

Os profesores Vázquez Alfaya e Losada Beltrán, da área de "Máquinas e Motores Térmicos, din que nestes intres cumpren as condicións para crear departamento.

Prodúcese unha votación, co seguinte resultado:

-a favor:	9 votos
-en contra:	10 votos
-abstencións:	3

Deixase o punto pendente.

Presenta o **punto 4** o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez, Aprobación, se procede, dos proxectos de: a) "Deseño e desenvolvemento dun sistema software para a xestión da produción científica desta Universidade baseado en tecnoloxías www" (anexo IV) e b) "Animación fotorrealística do novo campus universitario de Vigo" (anexo V).

Apróbase por asentimento o proxecto a) "Deseño e desenvolvemento dun sistema software para a xestión da produción científica desta Universidade baseado en tecnoloxías www".

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor fai constar que no Departamento de "Física Aplicada" faise voluntarismo para sacar tódolos asuntos do deste, xa que se ten 1/4 de administrativo.

No asunto b) "Animación fotorrealística do novo campus universitario de Vigo", pídese por parte de membros da Xunta de Goberno que se faga extensivo este proxecto ó Campus de Pontevedra.

Prodúcese unha votación, co seguinte resultado:

-a favor:	21 votos
-----------	----------

-en contra: 1 voto  
-abstención: 0

Apróbase o proxecto "Animación fotorrealística do novo campus universitario de Vigo".

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12.30 h. do día 17 de decembro de 1997 da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto